

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Música e Canto.
DISCIPLINA	Música e Canto I.
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática.
ESPECIALIDADE	Dirección de escena e Dramaturxia.
ITINERARIO	Dirección de escena e Dramaturxia.
CURSO	1º - 1º Cuadrimestre.
CRÉDITOS ECTS	2,5 ETSC (3 horas presenciais + 2 horas non presenciais, por semana)
CARÁCTER	Obrigatoria. Práctica.
DEPARTAMENTO	Interpretación – Area de Música e Canto.
CENTRO	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
COORDINADOR/A	Marion Sarmiento Vallverdú.
DOCENTES	Nome e apelidos: Marion Sarmiento Vallverdú. Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: Departamento 2 – Corporal, Danza e Música / Aula P16. Contacto: marion.sarmiento@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	<i>Estudo dos principios musicais (ritmo, melodía, etc.) encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Linguaxe Musical: iniciación aos códigos de escritura e lectura musical. Estudo da voz cantada: elementos técnicos e expresivos que interveñen.</i>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non son precisos.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
T1	<i>Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</i>
T6	<i>Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.</i>
T7	<i>Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.</i>
T9	<i>Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.</i>
T10	<i>Liderar e xestionar grupos de traballo.</i>
T13	<i>Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</i>
T15	<i>Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</i>

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X2	<i>Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.</i>
X4	<i>Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías. Igualmente, coñecendo linguas estranxeiras cun nivel que permita desempeñar o exercicio da profesión en ámbitos internacionais.</i>
X5	<i>Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e</i>

	<i>prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.</i>
X6	<i>Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.</i>

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED2	<i>Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.</i>
ED3	<i>Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.</i>
ED5	<i>Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.</i>

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer os conceptos de ritmo, movemento, harmonía, equilibrio, espazo e tempo, elementos básicos do Linguaxe Musical, para establecer os elementos comúns entre a expresión artística musical e a teatral.	X5, ED2, ED3
2. Utilizar as diferentes formas de expresión a través do corpo e da voz.	T7, T9, X5, ED5
3. Recoñecer nunha partitura os elementos esenciais da escrita musical, os símbolos gráficos son propios do Linguaxe Musical, para a súa correcta interpretación.	T13, X5, ED2, ED3
4. Empregar á audición e á expresión musical como medios de coñecemento e de desenvolvemento da sensibilidade e da creatividade.	T13, T15, ED2, ED5,
5. Servirse do "oído interno" para relacionar a audición coa súa representación gráfica, así como para recoñecer timbres, estruturas formais, indicacións dinámicas, expresivas, temporais, etc.	X6, ED2, ED3
6. Aplicar a coordinación motriz necesaria para a correcta interpretación do ritmo; utilizando as destrezas da asociación e disociación correspondentes	T6, T9, T15. X2, X5, ED2
7. Desenvolver a memoria musical interpretar de memoria melodías e cancións que conduzan a unha mellor comprensión dos distintos parámetros musicais	T6, T15, X5, ED2, ED5
8. Valorar a propia voz como instrumento de expresión músico-teatral	T6, T13, X5, X6, ED3, ED5
9. Compartir vivencias musicais cos compañeiros, que lle permita enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto, do movemento, da audición e da participación instrumental no grupo	T1, T7, T10, T15, X2, X4, ED2, ED3, ED5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. <i>CONCEPTOS DE NOTACIÓN MUSICAL.</i>	1.1. A natureza da música. O Son. 1.2. Ton: As notas musicais: seus nomes e a súa notación. 1.3. Duración I: Valores das notas e dos seus silencios. 1.4. Duración II: Movemento (tempo), métrica e rítmica. 1.5. Intensidade: Matices dinámicos. 1.6. Timbre: Os instrumentos musicais. A voz como instrumento musical.	9 horas
2. <i>MELODIA E HARMONIA.</i>	2.1. Física do son: Parámetros do son. Principios de acústica 2.2. Estructuras tonais: escala, grados e alteracións. 2.3. A triada. Acordes, arpejos e notas estrañas.	4 horas
3. <i>RITMO E ENTOACIÓN</i>	3.1. Improvisación, lectura e recoñecemento de ritmos e melodías en Do Maior (figuras ata semicorchea, compases 2/4, 3/4, 4/4). 3.2. Lectura de ritmos con percusión corporal e instrumental. 3.3. Interpretación de pequenas obras con diferentes instrumentos de percusión. 3.4. Acompañamento instrumental sinxelo para as cancións traballadas na aula.	16 horas

4. TÉCNICA E INTERPRETACIÓN VOCAL.	4.1. Consciencia e valoración da propia voz. 4.2. Adquisición da consciencia respiratoria. 4.3. Realización de exercicios combinados de corpo, respiración e voz. 4.4. Interpretación conxunta de cancións a unha ou mais voces. 4.5. Interpretación conxunta de cancións con movementos rítmicos, percusión corporal e/ou acompañamento instrumental.	16 horas
TOTAL SESIÓNS		45 horas

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	1	-	1
Exposición maxistral	3	-	3
Exposición teórico-práctica	8	5	13
Práctica individual	10	15	25
Práctica colectiva	9	-	9
Obradoiros: resolución de problemas ou exercicios	3	3	6
Actividades complementarias: traballos de aula	4	3	7
Outras	-	1	1
Titorías individuais	2	1	3
Titorías de grupo	1	-	1
Actividades de avaliación. Probas	2	1	3
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	1	1	2
Actividades de avaliación. Revisión	1	-	1
TOTAL	45	30	75
PORCENTAXE	60%	40%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias.	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como presentar a materia.
Exposición maxistral.	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia, bases teóricas e/ou directrices dos exercicios prácticos a desenvolver polo estudante.
Exposición teórico-práctica.	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades vocais e instrumentais sobre a linguaxe musical, para súa posterior aplicación musical.
Práctica individual	Aplicación individual dos coñecementos adquiridos á práctica de rítmica na percusión corporal, e rítmico melódica na aula con cancións. Lectura e entoación das notas musicais.
Práctica colectiva	Aplicación en grupo dos coñecementos adquiridos: práctica de rítmica na percusión corporal, e rítmico melódico con instrumentos na aula.
Resolución de problemas ou exercicios.	Resolución de exercicios teóricos e práctica rítmico-melódica con e sen instrumentos na aula a través de cancións.
Traballos de aula.	INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL: Realización e interpretación en pequenos grupos dun patrón rítmico con diversos instrumentos de percusión como acompañamento dunha canción escollida polos alumnos. Vanse utilizar un mínimo de tres instrumentos da aula con timbres diferentes para acompañar a melodía que poderá ser vocal ou instrumental. Deberase presentar tamén a grafía do traballo. PERCUSIÓN CORPORAL: Interpretación grupal dunha coreografía de percusión corporal.
Titorías individuais.	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para

	asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Titorías en grupo.	Ensino no que os alumnos levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo..
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumnado deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> O alumnado deberá responder a unha serie de cuestións e realizar actividades diversas relacionadas cos contidos da materia.	T1, X5, ED1, ED3	10% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalos)
<u>Ditados baseados nos contidos da materia:</u> 1. Rítmico. 2. Melódico.	X5, ED3	20% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalos)
<u>Lectura rítmica baseada nos contidos da materia:</u> Lectura individual recitada cun vocablo, levando a pulsación coa man.	T6, T13, X5, ED3	15% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalos)
<u>Lectura melódica baseada nos contidos da materia:</u> Entoación individual memorizada dunha melodía escollida ao azar entre as traballadas en clase.	T6, T13, X4, X5, ED3	15% (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalos)
<u>Creación e interpretación vocal e instrumental:</u> 1. Creación e interpretación en pequenos grupos dunha canción cun acompañamento instrumental rítmico de creación propia. 2. Interpretación conxunta dunha coreografía grupal de percusión corporal.	T1, T7, T9, T10, T15, X2, X4, X6, ED2, ED5	40% Os traballos serán entregados o día asignado, fóra de prazo non se admitirán. (50% desta nota serán as notas obtidas ao longo do cuadrimestre no proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalos)
Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a corrección na realización dos traballos prácticos: precisión rítmica, afinación, expresión musical, fluidez, continuidade, creatividade, improvisación,		

etc. Vaise valorar tamén a presentación e corrección nos traballos escritos e/ou gráficos.

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> O alumnado deberá responder a unha serie de cuestións e realizar actividades diversas relacionadas cos contidos da materia.	T1, X5, ED1, ED3	10%
<u>Ditados baseados nos contidos da materia:</u> 1. Rítmico. 2. Melódico.	X5, ED3	20%
<u>Lectura rítmica baseada nos contidos da materia:</u> Lectura individual recitada cun vocablo, levando a pulsación coa man.	T6, T13, X5, ED3	15%
<u>Lectura melódica baseada nos contidos da materia:</u> Entoación individual memorizada dunha melodía escollida ao azar entre as traballadas en clase.	T6, T13, X4, X5, ED3	15%

<u>Creación e interpretación vocal e instrumental:</u> 1. Creación e interpretación en pequenos grupos dunha canción cun acompañamento instrumental rítmico de creación propia. 2. Interpretación conxunta dunha coreografía grupal de percusión corporal. (As persoas integrantes do conxunto serán aportadas polo/a alumno/a que se examina).	T1, T7, T9, T10, T15, X2, X4, X6, EI2, EI5	40% Os traballos serán entregados o día do exame, fóra de prazo non se admitirán.
--	---	--

Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a corrección na realización dos traballos prácticos: precisión rítmica, afinación, expresión musical, fluidez, continuidade, creatividade, improvisación, etc. Vaise valorar tamén a presentación e corrección nos traballos escritos e/ou gráficos.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> O alumnado deberá responder a unha serie de cuestións e realizar actividades diversas relacionadas cos contidos da materia.	T1, X5, ED1, ED3	10%
<u>Ditados baseados nos contidos da materia:</u>	X5, ED3	20%

1. Rítmico. 2. Melódico.		
<u>Lectura rítmica baseada nos contidos da materia:</u> Lectura individual recitada cun vocablo, levando a pulsación coa man.	T6, T13, X5, ED3	15%
<u>Lectura melódica baseada nos contidos da materia:</u> Entoación individual memorizada dunha melodía escollida ao azar entre as traballadas en clase.	T6, T13, X4, X5, ED3	15%
<u>Creación e interpretación vocal e instrumental:</u> 1. Creación e interpretación en pequenos grupos dunha canción cun acompañamento instrumental rítmico de creación propia. 2. Interpretación conxunta dunha coreografía grupal de percusión corporal. (As personas integrantes do conxunto serán aportadas polo/a alumno/a que se examina).	T1, T7, T9, T10, T15, X2, X4, X6, EI2, EI5	40% Os traballos serán entregados o día do exame, fóra de prazo non se admitirán.
Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a corrección na realización dos traballos prácticos: precisión rítmica, afinación, expresión musical, fluidez, continuidade, creatividade, improvisación, etc. Vaise valorar tamén a presentación e corrección nos traballos escritos e/ou gráficos.		

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas:

- GROBA LORENZO, M. (2006): *Introducción á Linguaxe Musical*. Ed. Galaxia, Vigo.
Lenguaxe Musical 01 Enseñanzas Elementales. Editorial Enclave Creativa. Madrid, 2006
Ritmo, Lectura y Entonación 01. Editorial Enclave Creativa. Madrid, 2006.
 IBAÑEZ-CURSÁ. Nuevos Cuadernos de Teoría Grado Elemental (nº 1-4) Ed. Real Musical, Madrid.
 CALAIS-GERMAIN, B. (2006): *La respiración*. Ed. La liebre de marzo, Barcelona.
 FERRER SERRA, J. S. (2008): *Teoría, anatomía y práctica del canto*. Ed. Herder, Barcelona. (con CD)

--- o ---

TEXTOS, MATERIAIS E OBRAS DE LECTURA VINCULADAS AO PROGRAMA:

- GIMENO PÉREZ, F. & TORRES GALLARDO, B. (2008): *Anatomía de la Voz*. Paidotribo, Badalona
 IBAÑEZ MAYOR, A & CURSÁ DE PEDRO, Dionisio (2004): *Nuevos Cuadernos de Teoría*. Real Musical, Madrid.
 LODES, H. (2002): *Aprende a respirar*. Libros Integral, RBA. Barcelona.
 LOPEZ ARENOSA; Encarnación (2001): *Ritmo y Lectura 1*. Real Musical, Madrid.
 NAVARRETE PORTA, Ana Mª (2000): *El Lenguaje de la Música 1*. Sociedad Didáctica Musical, Madrid.
 OLIVIER, Bertrand (2007): *La voz del Ritmo*, Fuzeau,
 RICHARD, Fabrice / BERTHE, Nicolas (2008): *Art of Rhythm*
 SAINT JAMES, Guillaume (2006): *Body Tap*. Fuzeau, Barcelona.
 SAINT JAMES, Guillaume (2008): *Body Tap 2*. Fuzeau, Barcelona.

SANUY, M., GONZALEZ SARMIENTO, L. (1969): *Orff-Schulwerk: Música*. Ed. Unión Musical Española, Madrid.
VACCAI, N. (1990): *Método Práctico de Canto*. Ed. Ricordi Americana, SAEC. Buenos Aires

Referencias complementarias:

ALLALI, A. & Le HUCHE, F. (2003): *La Voz. (Tomo 1: Anatomía y fisiología de los órganos de la voz y del habla)*. Ed. Masson, Barcelona.

BACOT, M. C.; FACAL, M. L. & VILLAZUELA, G. (2005): *El uso adecuado de la voz*. Akadia, Buenos Aires.

BERNSTEIN, L. (2002): *El maestro invita a un concierto*. Ed. Siruela, Madrid.

BUSTOS SÁNCHEZ, I. (2003): *La Voz. La técnica y la expresión*. Ed. Paidotribo Badalona

GRABNER, H. (2001): *Teoría General de la Música*. Ed. Akal, Música, Madrid.

JOFRÉ i FRADERA, J. (2003): *El lenguaje musical*. Ed. Ma Non Troppo, Barcelona.

MANSION, M. (2002): *El estudio del canto. Técnica de la voz hablada y cantada*. Ed. Ricordi Americana, SAEC. Buenos Aires.

McCALLION, M. (2006): *El libro de la voz*. Ed. Urano, Barcelona MICHELS, U. (1992): *Atlas de la música I y II*. Ed. Atlas-Alianza. Madrid.

PISTON, W. (1984): *Orquestación*. Ed. Real Musical, Madrid.

QUIÑOÑES, C. (2006): *Programa para la prevención y el cuidado de la voz*. Ed. Praxis, Madrid.

TULÓN ARFELIS, C. (2005): *Cantar y Hablar*. Ed. Paidotribo. Barcelona.

10. OBSERVACIONES

Recoméndase asistir con roupa e calzado cómodo.